



# empatía

educación para unha cultura da  
igualdade de oportunidades

## A Concelleira da Área de Igualdade comprácese en presentarles o programa: **Empatía**

Desde a concellería de igualdade do Concello de Vigo poñémonos en contacto con vostede co gallo de presentarlle unha proposta para traballar a educación en igualdade con toda a comunidade educativa.

Dito proxecto leva por nome **Empatía** e pretende alcanzar, entre outros, os seguintes **obxectivos**

Animar a pais e nais de alumnado da ESO a promover a igualdade desde o fogar

Promover entre o alumnado da ESO a cultura da igualdade entre mulleres e homes

Dar ferramentas ao profesorado para a promoción da igualdade de oportunidades

Ofertamos os seguintes **módulos**



### **Módulo I. Traballo con nais e pais ou persoas que posúan a tutela: “Axudando a vivir na Igualdade”**

Este módulo está destinado a aquellas nais e pais de alumnado da ESO que teñen interese en abordar dende a familia o problema da desigualdade entre mulleres e homes. Entendemos que a familia supón un factor clave na socialización e na educación de xénero polo que resulta imprescindible abordala en calquera programa educativo que se propoña cambios reais.

Debido ao pouco tempo libre do que soen dispoñer as nais e os pais, esta actividade terá unha duración de dúas horas e abordaremos temas como a desigualdade no ámbito privado, os modelos familiares, a expresión dos sentimientos, a sexualidade e os tempos de lecer.



### **Módulo II. Formación do profesorado: “Igualdade no Centro e na Acción Titorial”.**

Orientado a todo o profesorado interesado, e especialmente, a quen ten responsabilidades de titoría, dirección ou educación para a cidadanía.

A duración da actividade variará de 4 a 12 horas segundo o interese do profesorado e tratará temas como o sexo, xénero e sexismo; escola mixta vs. escola co-educativa; educación afectiva e sexual; violencia na escola; recursos para o traballo no centro e na aula.



# empatía

educación para unha cultura da  
igualdade de oportunidades

### Módulo III. Obradoiros para o alumnado: “Todas e Todos”.

Destinado ao alumnado de primeiro a cuarto da ESO e cunha duración de 4 sesións de 50 minutos cada unha. Os contidos das sesións variarán en función do curso:

Para primeiro da ESO: discriminación social das mulleres; roles e estereotipos; e habilidades socio-afectivas.

Para segundo da ESO: sexo e xénero; corresponsabilidade; e autoestima.

Para terceiro da ESO: corresponsabilidade; sexualidade e relacións amorosas na igualdade.

Para cuarto da ESO: escola profesional en función do xénero; relacións amorosas na igualdade e dereitos sexuais.

### Módulo IV.

#### Accións educativas de curta duración.

Este módulo está dirixido a calquera grupo de persoas pertencentes aos centros de ensino secundario do Concello de Vigo e consistirá en conferencias de 50 minutos a 1 hora de duración sobre temas como:

“A corresponsabilidade, peza clave para a convivencia”, “Todo por Amor?”, “A violencia de xénero”, “As masculinidades: Hai novos homes para o século XXI?”, “O Sexismo nos Medios de Comunicación” e “Mulleres na Ciencia”.

Os obradoiros son deseñados e dinamizados por profesionais de Lilith. Acción Social e Educativa S.L con formación específica neste eido.

Para mais información ou para solicitar os cursos poden contactar no teléfono 986116428 ou ben enviando un correo electrónico a [lilithempresa@gmail.com](mailto:lilithempresa@gmail.com)



Programa de Educación para a Igualdade

Recibide un cordial e afectuoso saúdo

Lolanda Veloso Ríos

Concelleira da Área de Xuventude,  
Igualdade e Normalización Lingüística



concellería  
de igualdade  
concello de vigo